



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE XUÑO DE 2012

LICENZAS EDIFICACIÓN

LIC/400/2012.- MARIA TERESA BARREIRO SEÑARIS.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Codesedas 15.

LIC/428/2012.- LUIS PARCERO MOSTEIRO.- Construcción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Piñeiro de Carballal-Lavacolla.

LIC/2026/2011.- MANUEL FERNANDEZ CARBAJALES.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Camiño dos Vilares 78.

LIC/1970/2011.- JOSE LANDEIRA LANDEIRA.- Construcción de vivenda unifamiliar no lugar da Peregrina.

OUTRAS OBRAS

LIC/926/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Restauración das fachadas do Mosteiro de San Paio de Antealtares 2ª fase. Torre en Trva San Paio de Antealtares.

APERTURAS

LAP/19/2011.- TRANSPORTES PUENTE MANTIBLE, SL.- Apertura de nave destinada a xestión de residuos en Vía Diesel, parcela R-5. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o dictame de incidencia ambiental.

LAP/405/2011.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, SA.- Denegar licenza de instalación e funcionamento de estación base de telefonía movíl na Avda. de Rosalía de Castro, 63.

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación do convenio de colaboración entre a Escola Universitaria de Traballo Social e o Concello de Santiago de Compostela, para a realización do prácticum das titulacións da devandita escola.

A XGL aprobou esta proposta de convenio que permitirá establecer unha relación efectiva entre todas as partes co fin de que o alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social poida realizar as practicas no marco do practicum dos seus plans de estudos.

6.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación de incidencia na xestión de bolsas e comedor e na súa consecuncia, aprobar o listado para o pago das mesmas correspondente ao mes de xuño de 2012.

Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento da competición de fútbol COMPOSTELA CUP.

A XGL autoriza o desenvolvemento do Torneo Internacional Compostela Cup posibilitando a utilización gratuíta do Estadio de San Lázaro do 2 ao 8 de xullo. Permitirase a colocación con carácter excepcional de publicidade nos recintos utilizados pero nos lugares que designe a Concellaría de Deportes e que se retirarán tralo torneo. Tamén se permitirá a explotación de cantinas durante os días do torneo, atendendo iso sí á normativa vixente sobre servizo de bebidas en instalacións deportivas.

8.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación da sinatura do Protocolo Xeral de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para o intercambio de información procedente das redes de observación ambiental.

Apróbase a proposta.

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento do circuito de carreiras saudables denominado "CORRESAN".

Mediante este convenio a Federación Galega de Atletismo comprométese co Concello a organizar dentro do termo municipal o I Circuito de Carreiras Saudables CorreSan que estará formado por un total de catro circuítos diferentes e a desenvolver nos meses de xuño, xullo, setembro e outubro.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativo á solicitude de subvención ao grupo de desenvolvemento Rural "TIERRAS DE COMPOSTELA" (GDR-24).

A XGL aprobou a solicitude de participación do Concello de Santiago na liña de axudas do programa Leader-Galicia 2007-2013 co proxecto titulado "Creación dunha rede de espazos biosaudables nas parroquias rurais de Santiago de Compostela", inversión que ascende a 55.084,77 €.

11.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de cobertura e mantemento do arquivo fotográfico do Concello de Santiago.

Aprobouse o prego de condicións para a contratación do Servizo de fotografía do Concello para os anos 2012 e 2013. Establécese un tipo de licitación de 35.400 €. Serán 16.225 € para 2012 e 19.175 € para 2013.

12.- Adxudicación do contrato de Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou adxudicar a Francisco Arenas Ramírez o subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago para 2012 e 2013 por un importe de 24.945,12 € por ser a oferta máis ventaxosa.

13.- Prórroga do contrato de Servizo de organización e realización de actividades de educación ambiental no parque de Belvís e no Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Santiago de Compostela.

Aprobouse adxudicar o contrato de Servizo de organización e realización de actividades de educación ambiental no parque de Belvís e no Centro de Interpretación ambiental á empresa Sociedade de Cooperativa Galega de Educación Medioambiental por un importe de 13.561,91 €.

14.- Prórroga do contrato de Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais

A XGL aprobou a prórroga de aluguer deste local por un importe de 5.651,53 € para 2012 e a prórroga de 2011, e de 4.728,83 € para 2013, ata o 14 de xuño.

15.- Prórroga do contrato de Aluguer do local sito na rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais

Aprobouse a prórroga deste contrato de aluguer por un importe de 6.237,70 € para 2012 e prórroga do 2011, e por un importe de 5.219,30 € para 2013, ata o 14 de xuño.

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á adxudicación da execución das obras de restauración da fonte de San Roque.

A XGL aprobou esta proposta para a restauración da fonte de San Roque. Esta obra foi adxudicada a ATLAS Restauración e Intervención no Patrimonio por un importe de 18.691,50 €.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á adxudicación da execución das obras de restauración do Cruceiro de Casas Novas.

Aprobouse adxudicar as obras de restauración do Cruceiro de Casas Novas á empresa TOMOS Conservación Restauración S.L. por un importe total de 8.295,40 €.

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección de erros no informe de Dirección de Área obrante no expediente de segregación da finca rexistral núm 3604 da sección OO (excemiterio de Bonaval) da parte oeste (zona colindante co exconvento de Santo Domingos de Bonaval).

Apróbase a proposta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á solicitude de devolución do aval presentado pola Xunta de Compensación do SUNP-20. A Amanecida.

Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado do Servizo de Recollida de Lixo e Limpeza Viaria relativa á aprobación da revisión de prezos do contrato administrativo para a xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela.

A proposta do Concelleiro de Recollida de Lixo e Brigadas de Vías e Obras aprobouse proceder á revisión de prezos en base ao IPC do contrato administrativo para a xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela. Sendo o IPC entre decembro de 2010 e decembro de 2011 dun 2,40% queda un canon de 7.941.095,40 € para o 2012.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Vivenda e Rehabilitación relativa á gastos de diversos convenios para rehabilitación de vivendas.

Reaxústanse as anualidades das axudas á rehabilitación das Áreas de Rehabilitación Integral do Casco Histórico, Vista Alegre e Pontepedriña.

2.- Convenio de Colaboración entre a UMAD e a Xerencia Sanitaria Integral de Santiago.

Apróbase a sinatura do convenio polo cal os residentes de Psiquiatría e Psicoloxía clínica poderán facer prácticas na UMAD.